



Sr. Presidente
Sala do Contencioso-Administrativo
Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Praza de Galicia s/n (Palacio de Xustiza)
15071 A Coruña

ASUNTO: Remisión de información de interese en relación coa demanda presentada o 11-03-2016 por Mineira de Corcoesto, S.L.U. contra "a resolución ditada o 11 de marzo de 2014 polo Director Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria pola que se acorda denegar a aprobación do proxecto de explotación de ouro na mina de Corcoesto".

D. Serafín J. González Prieto, con DNI 34935654B e domicilio a efectos de notificacións no Apartado 330, 15780 Santiago de Compostela, en nome e representación da SGHN, na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que, tal como consta na **Declaración de Impacto Ambiental (DIA)**, a cronoloxía da tramitación ambiental da solicitude foi a seguinte:
 - a. 24-06-2011. A Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (CMATI) recibe da Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas (DXIEM) o documento inicial "Avaliación de Impacto Ambiental. Proxecto de Explotación do xacemento de Ouro en Corcoesto. A Coruña, Maio de 2011".
 - b. 12-07-2011. Conforme ao RDL 1/2008, a CMATI cualifica o proxecto como sometido ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.
 - c. 22-08-2011. Conforme ao RDL 1/2008, a CMATI consulta a diversos organismos e asociacións, incluída SGHN que presenta as súas alegacións con data 04-09-2011. Un dos cinco organismos consultados da Xunta de Galicia (a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da propia CMATI) non respondeu á consulta.
 - d. 15-12-2011. A CMATI remite á DXIEM o documento de alcance e os informes recibidos para que o promotor poida incluílos no correspondente Estudo de Impacto Ambiental (EIA).
 - e. 27-03-2012. A CMATI recibe do promotor o proxecto de explotación, plan de restauración e EIA.
 - f. 10-04-2012. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) comunica á DXIEM que se pode proceder ao trámite de información pública.
 - g. **02-05-2012.** Publícase no DOG (nº 83) a Resolución de 20-04-2012 da DXIEM pola que se somete a **información pública o proxecto.**
 - h. 05-09-2012. A DXIEM remite á SXCAA os informes recibidos dos organismos competentes consultados. **SUPOSTAMENTE, tres dos sete organismos da Xunta de Galicia consultados foron incapaces de presentar os seus informes no prazo que se lles otorgou, dous deles da propia CMATI (Instituto de Estudos do Territorio, D.X. de Conservación da Natureza)** que o fan escalonadamente entre o 16-10-2012 e o 21-11-2012. Ademais, non está claro se a S.X. de Residuos e Solos Contaminados presentou ou non en prazo o informe pois hai unha contradición ao respecto entre a táboa da páx. 2 da DIA e o primeiro parágrafo da páx. 3.
 - i. 29-11-2012. Apenas oito días despois de recibir o último informe pendente dun organismo da Xunta de Galicia, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental asina a DIA positiva, polo que **dende a apertura do tramite de información pública a Avaliación de Impacto Ambiental completouse nun prazo de menos de 7 meses, no que debe constituir "a mellor marca da historia" na Xunta de Galicia para a DIA dun proxecto desta magnitude e suxire un trato de favor a Mineira**



de Corcoesto cunha tramitación exprés da DIA.

2. Que, con data de rexistro 17-04-2013, SGHN solicitou á D.X. de Conservación da Natureza (DXCN) *"Copia de todos os informes elaborados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Santiago de Compostela) e o Servizo de Conservación da Natureza (A Coruña) a petición da Secretaría Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental en relación co proxecto de mina de ouro de Corcoesto."*
3. Que, transcorridos case 20 meses sen obter resposta da DXCN, con data de rexistro 05-12-2014 SGHN presentou unha queixa diante do Valedor do Pobo por denegación de información ambiental á que legalmente ten dereito de acceso.
4. Que con data 09-12-2014 o Valedor do Pobo admitiu a trámite a queixa de SGHN e deulle un prazo de 15 días á CMATI para que respostase ao seu requerimento, prazo que a CMATI incumpriu polo que o Valedor do Pobo tivo que reiterar en dúas ocasións a petición, chegando a apercebir á CMATI de que de persistir na súa actitude de non enviar a información requirida en relación coa queixa de SGHN procedería *"a realizar unha advertencia sobre as súas consecuencias legais"*.
5. Que con data 09-02-2015, é dicir con 21 meses de retraso sobre o prazo legal, finalmente a DXCN remitiu a SGHN a documentación solicitada sobre o proxecto *"Concesión de explotación Emilita nº 1221, Ciudad de Llandró nº 1454 e Ciudad de Masma nº 1445 que forman o grupo mineiro de Corcoesto"* que incluía:
 - a. Documento titulado *"Remisión información dos valores naturais"* asinado o 18-07-2012 polo enxeñeiro de montes José J. Martel Muñoz-Cobos e o Xefe do Servizo de Conservación da Natureza da Delegación Territorial da Coruña, Carlos G. Muñoz Martínez, e con entrada no rexistro da CMATI en Santiago o 31-07-2012. **Xa que logo, o informe da DXCN xa existía case mes e medio antes de que a DXIEM remitise á SXCAA os informes recibidos dos organismos competentes consultados entre os que supostamente faltaba o informe da DXCN** (véxase expoñendo 1.h. do presente escrito).
 - b. Documento titulado *"Solicitud de información complementaria"* que o Xefe do Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas da CMATI envía con data 23-08-2012 ao Servizo de Conservación da Natureza da Coruña para que *"precise as afeccións, tanto directas como indirectas, que os diferentes procesos que se leven a cabo na explotación poidan producir sobre os valores naturais"*.
 - c. Documento titulado *"Remisión de informe"* con data de 24-09-2012 e **asinado exclusivamente polo Xefe do Servizo de Conservación da Natureza da Delegación Territorial da Coruña, Carlos G. Muñoz Martínez, involucrado con posterioridade nunha investigación da Fiscalía de Medio Ambiente e o SEPRONA por emisión masiva de licencias de caza falsas (unha das cales estaría ao seu propio nome) polo Servizo de Conservación que dirixía.**
 - d. Documento da DXCN con data 24-10-2012 titulado *"Informe emitido por esta Dirección Xeral relativo ao proxecto Concesión de explotación Emilita Nº 1221, Ciudad de Landró Nº 1454, e Ciudad de Masma Nº 1445 que forman o Grupo Mineiro Corcoesto"*.
6. Que, máis aló dun curta e pega da información presentada polo promotor do proxecto, as **principais diferencias entre o primeiro informe** indicado no punto 5.a e **o informe complementario** indicado no punto 5.c **non é o que se engade, como cabería esperar nun informe complementario, senon o que desaparece e as afeccións ambientais que se "minimizan"** pois:
 - a. Pásase de afirmar que *"o proxecto afecta ao LIC Río Anllons, ES 110065, xa que totalas augas verten neste río"* a dicir que *"o proxecto desenvólvese fóra do ámbito do espazo natural protexido"*.
 - b. **A afirmación** de que as actividades mineiras proxectadas *"constitúen riscos evidentes de producir danos de moi difícil reparación no LIC Río Anllons (ES 110065) e o LIC Costa da Morte (ES1110005) e nos valores ambientais da comarca"*, **que aparecía resaltada con cursiva e subliñado no primeiro informe, suavízase** en que *"sempre existen riscos de accidentes que poden ter notables repercusións no medio natural"*.
 - c. O feito de que no treito duns 2700 m do Rego Lourido que se pretendía desviar *"existen especies do habitat de interese comunitario 91E0*"* (realmente un hábitat de conservación prioritaria na UE)



minimízase dicindo que “non son formacións moi representativas” e que ten “vexetación de ribeira escasa e pouco representativa”.

- d. Curiosamente, o informe complementario despois de afirmar que o Rego Lourido non ten fauna piscícola (páx. 8) mantén no condicionado (páx. 12) a medida complementaria de “construcción de frezaderos adecuados para as especies inventariadas nos ríos da zona” establecida no primeiro informe que indicaba que “o desvío do Rego Lourido deberíase facer fora das épocas de freza e cría das especies piscícolas”.
 - e. O informe complementario admite que haberá unha destrucción dun hábitat de conservación prioritaria na UE (91E0*) pero cónfórmasse con indicar que “o plan de restauración deberá contemplar medidas compensatorias”, nunha flagrante violación do Artigo 6 da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e do Artigo 45.6 da Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, que só admiten a destrucción de hábitats de conservación prioritaria por “consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ... ou ben, previa consulta á Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeiro orden” que non é o caso do proxecto mineiro de Corcoesto.
 - f. No informe complementario desaparece a obxección do primeiro informe de que “na balsa de lodos de lixiviación, non se estima a vida útil do encapsulamento planificado, nin se prevé un plan de seguimento e vixilancia da mesma”.
 - g. No informe complementario desaparece asimesmo a recomendación do primeiro informe de que “dadas as características deste proxecto deberíase realizar tanto o estudo (refírese á análise de riscos medioambientais) como a constitución da garantía (fronte a posibles danos) ... e suscribir unha póliza de seguro ambiental adecuada”.
7. Que no informe finalmente emitido pola DXCN con data 24-10-2012:
- a. **Non se fai xa referencia algunha ao primeiro informe indicado no punto 5.a.**
 - b. Inclúe o informe da S.X. de Recursos Cinexéticos e Piscícolas que conclúe “*Que o estudo de impacto ambiental debería completarse cunha análise específica dos riscos de contaminación accidental, con base nas experiencias acumuladas noutras explotacións semellantes nas que o medio acuático resultou gravemente contaminado por cianuro. Esta análise, de ser o caso, debería ser completada cos plans de continxencias necesarios para protexer o curso principal do Río Antlóns e mesmo a Ría de Corme e Laxe*”.
8. Que nos tres informes elaborados pola DXCN con datas 18-07-2012, 24-09-2012 e 24-10-2012 reitérase a necesidade de incluír no condicionado ao proxecto a obrigaón de “instalar medidores automáticos dos parámetros fundamentais da calidade das augas (ph, osíxeno disolto, turbidez, ...) en todos os puntos de vertido de augas, con toma continua de datos e publicación a tempo real mediante páxina web” co fin de que as augas cumplan en todo momento a calidade esixible as augas continentais. Sorpresivamente, a SXCAA aceptou as alegacións en contra de Edgewater-Mineira de Corcoesto e desestimou dita condición unánimemente demandada polos técnicos e os máximos dirixentes de Conservación da Natureza.
9. Que, á vista do indicado nos puntos 1.i, 6, 7 e 8, de existir “una actuación absolutamente arbitraria, injustificada y, que desde luego, rompe el principio de no discriminación e igualdad de todos ante la Ley” como afirma Edgewater-Mineira de Corcoesto no Recurso Contencioso-Administrativo non sería unha discriminación contra dita empresa senón ao contrario un claro trato de favor.
10. Que sorprende moito que nun recurso diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a empresa Edgewater-Mineira de Corcoesto recoñeza ter coñecemento previo de actuacións ilegais da administración autonómica que non denunciou no seu momento (incumprindo así as súas obrigas legais):
- a. “A pesar de lo ilegal de aquel requerimiento (refírese ás garantías de solvencia económica), la empresa avanzó en las gestiones para intentar dar cumplimiento al mismo, informando puntualmente a la Consellería” (páx. 6 do Recurso Contencioso-Administrativo presentado pola empresa).



- b. En diversos puntos do Recurso fai reiteradas referencias explícitas a “insinuacións”, “presións”, “abusos”, “ameazas” e “chantaxes” (páx. 6, 17, 99, 131) por parte de membros da administración autonómica que poderían ser constitutivas dun delito de cohecho e negociación prohibida a funcionarios.
11. Que a afirmación de Edgewater-Mineira de Corcoesto de que *“La concreta forma de exigir la acreditación de solvencia económica a MDC contradice los principios de necesidad, proporcionalidad e igualdad proclamados y regulados por la Ley de Garantía de la Unidad de Mercado”* (páx. 68) pois *“En el ámbito minero, la principal razón de interés general que puede exigir la autorización de la administración es la protección del medio ambiente”* (páx. 70) e *“que los posibles riesgos ambientales, que se derivasen de la actividad minera proyectada por Mineira de Corcoesto, iban a estar suficientemente garantizados y asegurados”* (páx. 71) NON É CERTA pois non se cumprían as recomendacións do primeiro informe do Servizo de Conservación da Natureza da Delegación Territorial da Coruña (véxase punto 6.g) nin as da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (a proposta da Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas (véxase punto 7.b) é dicir, a realización dunha análise de riscos medioambientais e suscribir unha poliza de seguro ambiental adecuada.

Por todo o cal,

SOLICITA:

1. Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia teña a ben admitir o presente escrito e toda a documentación adxunta e que o tome en consideración durante a tramitación do Recurso Contencioso Administrativo presentado o 11-03-2016 por Mineira de Corcoesto, S.L.U. contra *“a resolución ditada o 11 de marzo de 2014 polo Director Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria pola que se acorda denegar a aprobación do proxecto de explotación de ouro na mina de Corcoesto”*.
2. Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia DESESTIME totalmente as demandas plantexadas no Recurso Contencioso Administrativo presentado por Mineira de Corcoesto, S.L.U. e, polo tanto, que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:
 - a. NON anule a resolución recurrida por non ser conforme a dereito.
 - b. NON declare aprobado por silencio administrativo positivo o proxecto mineiro de Corcoesto.
 - c. NON condene á Xunta de Galicia a aprobar o proxecto mineiro de Corcoesto.
 - d. NON declare conculcada a doutrina de actos propios e da confianza lexítima e NON condene á Xunta de Galicia a indemnizar a Mineira de Corcoesto, S.L.U. por danos e perxuizos.
 - e. Condene a Mineira de Corcoesto, S.L.U. ao pago das costas procesais.

En Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2016

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto